

A cultura galega, invitada en Euskadi

Galicia é a cultura invitada na Feira do Libro e o Disco de Durango en decembro. Propostas galegas de música, audiovisual, literatura, novas tecnoloxías e teatro estarán presentes neste evento que ten máis de 40 anos de historia.

Por Galicia Confidencial | Pontevedra | 23/11/2011

Culturgal é unha ferramenta vertebradora, que contribúe a xerar ideas, a buscar sinerxías e a transformar en oportunidades de futuro as dificultades do presente. Con esta filosofía, este evento cultural viaxa á Durango Azoka, Feira do Libro e do Disco, respondendo o convite de Gerediaga cunha mostra multisectorial da cultura galega actual.

Na presentación da 46 edición da Durango Azoka que tivo lugar hoxe nesta localidade vasca, deuse a coñecer un programa con máis de 200 actividades e con tres espazos novos para o audiovisual, as artes escénicas e as novas tecnoloxías, que compartirán protagonismo co libro e o disco en euskera.

“Euskadi e Galicia teñen tamén históricos puntos de conexión e quixemos aproveitar esta oportunidade para profundar neses espazos de encontro, presentándolle ao público de Durango proxectos galegos que colaboran activamente con axentes culturais vascos, tanto desde o punto de vista da creación colectiva como da relación entre empresas”, sulíñou Roberto Fernández, representante de Culturgal.

Reixa, Jaureguiza e Xohan Cabana

Antón Reixa exercerá de embaixador da cultura galega no acto inaugural o día 4 de decembro para falar do presente e do futuro das industrias culturais do país. Como proposta audiovisual infantil, chegará a Durango en caravana Mr Misto co seu espectáculo para nenos A Caixiña de Mistos, o único cinema do mundo instalado nunha roulotte na que se proxectan películas para público infantil os días 6 e 7 de decembro. Ao redor dela desenvolveranse talleres de animación con plastilina, con base nas historias do heroe Tintimán e que os propios alumnos construírán. O autor das obras de Tintimán é Santiago Jaureguizar, oriúndo de Bilbao, aínda que asentado en Galicia desde hai anos.

A representación do libro estará en mans de Gáliz, unha asociación que naceu no 89 para defender e promover a cultura e a lingua galega a través da literatura infantil e xuvenil. Ademais a Asociación Escritores en Lingua Galega (AELG), cos seus homólogos vascos de EIE, participarán nunha mesa redonda tamén o día 6 de decembro sobre os 28 anos de historia de Galeusca e o seu futuro próximo. Para ampliar o debate sobre literatura, o escritor Darío Xohan Cabana e o euskaldun Pako Aristi, conversarán sobre o oficio de escribir en ambas as linguas, acompañados do escritor galego, residente en Euskadi, Xosé Estévez.

Talía Teatro

En representación das artes escénicas galegas, importante sector para a defensa e inclusión do galego en todos os ámbitos da cultura, acudirá Artur Trillo, director, actor e produtor da compañía Talía Teatro, que debaterá xunto a un creador vasco sobre o teatro e as linguas minorizadas o día 7.

Como outro exemplo de integración e traballo en equipo de empresas vascas e galegas e da boa saúde das novas tecnoloxías, Imaxin e Elhuyar Fundazioa, presentarán tamén o 7, o xogo multimedia ZooLoco ou ZooZoróa, pensado para nenos de entre 3 e 6 anos. O Colectivo Sinsalaudio de Vigo presentarán os novos sistemas de edición e o futuro do soporte nos tempos dixitais, ademais de presentar o proxecto Memoria Acústica Europea.

E para finalizar, en clausura da feira, e como mostra de música galega e do mundo, Uxia Pedreira, Fred Martins e Mikel Urdangarin presentarán o seu proxecto Acrobatak. Un exercicio de mestizaxe musical, no que os tres compositores comparten o seu amor pola música tradicional, a forza e a sensibilidade.

Culturgal

Este ano Culturgal presentará máis de 130 propostas culturais e terá 73 entidades expoñendo os seus produtos no Pazo da Cultura de Pontevedra. Ademais realizarase por primeira vez actividades culturais no casco vello da cidade, como forma de trasladar a cultura ao ámbito público. En paralelo a nosa feira tamén se desenvolverá o Foro profesional no que os profesionais das industrias culturais debatirán sobre as novas fontes de financiamento, o papel das novas tecnoloxías e a importancia da cultura para o desenvolvemento dos territorios.